

José Alberte Corral Iglesias, docente, poeta e narrador

«Combino a tradición galega e máis a latino-americana»

As 20 horas desta tarde, na librería Palavra Perduda, será o lanzamento de *Do lusco-fusco*, o primeiro volume de narrativa de José Alberte Corral Iglesias, editado por Baía. Este profesor e poeta estará acompañado de Luís G. Blasco, docente do Xelmírez I.

—¿Que supón este libro para as letras galegas?

—Contén 23 relatos, e tento misturar a memoria con aspectos oníricos, cosendo retrincos de vellas mitoloxías do país ou de tempos de acción política, de aquí e do Alén-mar. E todo con fío e agulla dentro da tradición contística galega e máis da latino-americana, que tento combinar, como alicerces máis importantes.

—¿Resulta doado lograr esa combinación?

—Eu penso que si, pois a contística do Caribe ten moitos aspectos máxicos; e a do Sur de América ten compoñentes oníricos fortes, e míticos. Son distintas tradicións literarias, pero non están tan afastadas. Eu tento mergullar entre as dúas, sinto que son un hispano de orixe galega, estou máis perto do mundo dun colombiano, un boliviano ou un brasileiro, que do de un alemán, poñamos por caso, a pesar de vivir nun país da UE.

—Trás varios volumes de



AGUSTÍN GONZÁLEZ

Corral presenta esta tarde en Compostela o seu último libro

poesía ¿a que se debe esta incursión na prosa literaria?

—Porque hai cousas que as precisaba dicir de un xeito contado máis que poético. A poesía, para mim, está sempre detrás da palabra, é o definidor máis profundo do humano. A narrativa é como unha ferramenta de tallista para traba-

llar a palabra, é diferente.

—¿Como ve a situación do idioma galego?

—Entre o que se podía ter feito e o logrado nos últimos anos vexo unha desviación moi negativa. O galego continúa aínda como *lingua B* no noso país, falta moito para a súa normalización.